

A palabra de hoxe é

***Traxe  
de baño***

***TRAXE DE BAÑO***

O traxe de baño é unha peza de roupa que se utiliza en natación. Están fabricados en tecidos elásticos, opacos e resistentes ao cloro. Os de natación artística son brillantes, coloridos, chamativos e deben permitir a axilidade das nadadoras nos movementos na auga.



**A palabra de hoxe é**

***Surf***

***SURF***

O surf é un deporte náutico que consiste en manterse en equilibrio sobre unha táboa especial, desprazándose pola zona na que as ondas empezan a romper.



**A palabra de hoxe é**

***Polainas***

***POLAINAS***

As polainas son unha especie de medias que cobren a perna dende o nocello ata un pouco máis arriba do xeonllo. Están feitas de materiais resistentes como o coiro e deseñadas para protexer as pernas durante a monta.



**A palabra de hoxe é**

***Mazas***

***MAZAS***

**As mazas son un dos  
aparatos que se  
empregan en  
ximnasia rítmica.  
Están constituídas  
por un mango  
rematado nunha bóla  
de goma ou doutro  
material (lévase unha  
en cada man).**





**A palabra de hoxe é**

***Cinto***

***CINTO***

En judo e outras artes marciais clasificación da categoría ou grao dos loitadores, visualizada pola cor do cinto co que levan atado o quimono.

